

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 28.11.2019

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro

D^a Raquel Caruncho Corral

D^a Yolanda Vázquez Busto

D^a Ángela Piñeiro Carrera

D. Daniel Ríos Fernández

D. Joshua Dopico López

D^a. Manuela García Fachal

D^a Alejandra Bellón Tenreiro

D. Andrés Pérez Pérez

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luís Pena Mosquera

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e cinco minutos do vinte e oito de novembro de dous mil dezanove, xúntanse en sesión ordinaria do Pleno, primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

Non asiste:

D^a Rocío Souto Torre

A Secretaria:

Dna. Marta Cajide Barbeito.

A Interventora:

Dna. Lucía Varela Martínez.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE 31.10.2019.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

"PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE 31.10.2019.

(Expediente TEdC: 2019/G006/0000180)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:



- Ordinaria de 31.10.2019.

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 31.10.2019.

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro en Pontedeume, a venres 25 de novembro de 2019.”

A presidencia pregunta se algún/ha membro ten algo que dicir sobre o borrador de acta.

Non habendo intervencións, queda **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 31.10.2019.

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS E DELEGACIÓN DESTAS NA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe a continuación:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 25 DE NOVEMBRO DE 2019

EXPDTE: 2019/G012/000017

SESIÓN Nº: 8/2019-2023

2.- AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS E DELEGACIÓN DESTAS NA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS E DELEGACIÓN DESTAS NA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

(Expediente TEdC: 2019/X999/000225 2019/G006/000174)

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Pleno do Concello de Ponte deume celebrado en sesión extraordinaria de 27.06.2019, adoptaba o acordo relativo a "1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ACORDO: DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL", CUXO contido de seguido se transcribe:

"PRIMEIRO.- As sesións plenarias ordinarias terán unha periodicidade mensual, agás no mes de agosto, celebrando as sesións ás 12.00 horas do derradeiro xoves hábil de cada mes. No caso de que a devandita data coincida con día festivo, celebrarase Pleno ordinario o inmediato día hábil anterior á data correspondente, á mesma hora.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde, previa consulta cos voceiros de todos os grupos municipais, e por razóns debidamente xustificadas, para alterar o horario establecido no punto primeiro do presente acordo.

TERCEIRO.- O Pleno celebrará sesión extraordinaria, cando así o decida o Sr. Alcalde-Presidente, ou o solicite a cuarta parte, alomenos, do número legal de membros da Corporación, de conformidade coa regulación contida no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

CUARTO.- O Pleno celebrará sesión extraordinaria urxente cando o convoque o sr. Alcalde-Presidente cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permita convocar a sesión extraordinaria coa antelación mínima de dous días hábiles esixida polo artigo 46 da Lei de Bases do Réxime Local.

QUINTO.- Considerando que de conformidade co disposto no artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no Alcalde ou na Xunta de Goberno Local, salvo as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo referenciado. Así mesmo atendendo as atribucións encomendadas ó Pleno establecidas no artigo 23 do RD Lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

Considerando o establecido no artigo 64.5) da Lei de Administración Local de Galicia do 22 de xullo de 1997.

Visto que a teor do regulado no artigo 51.2) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o acordo plenario polo que se produza a delegación, producirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no "Boletín Oficial" da Provincia.

Esta Alcaldía, co fin de axilizar a tramitación e dar unha maior operatividade á actuación municipal, propón ao Pleno desta Corporación que adopte acordo no sentido de delegar na Xunta de Goberno Local do concello o exercicio das atribucións que se indican no artigo 22 sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Delegación que comprenderá todas as



facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros.

1.- A aprobación dos proxectos de obras e servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos.

Estas competencias serán, no seu caso aceptadas polo órgano a quen se encomenda, e se publicará no Boletín oficial da Provincia de acordo co artigo 51 do ROF e se insertará no Taboleiro de anuncios do concello.”

No que respecta ao contido do punto quinto, de delegación de atribucións, compre, por axilidade para coa tramitación dos distintos expedientes, concretamente os suxeitos a solicitude de subvencións con prazos perentorios, a modificación do dito acordo, para a súa delegación na Alcaldía.

É por isto que esta Alcaldía-Presidencia formula, para o seu **DITAME** pola Comisión Informativa a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por acordo do Pleno celebrado en sesión extraordinaria de 27.06.2019 recollida no punto quinto do dito acordo, que de seguido se transcribe:

“QUINTO.- Considerando que de conformidade co disposto no artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no Alcalde ou na Xunta de Goberno Local, salvo as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo referenciado. Así mesmo atendendo as atribucións encomendadas ó Pleno establecidas no artigo 23 do RD Lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

Considerando o establecido no artigo 64.5) da Lei de Administración Local de Galicia do 22 de xullo de 1997.

Visto que a teor do regulado no artigo 51.2) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o acordo plenario polo que se produza a delegación, producirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no “Boletín Oficial” da Provincia.

Esta Alcaldía, co fin de axilizar a tramitación e dar unha maior operatividade á actuación municipal, propón ao Pleno desta Corporación que adopte acordo no sentido de delegar na Xunta de Goberno Local do concello o exercicio das atribucións que se indican no artigo 22 sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros.

1.- A aprobación dos proxectos de obras e servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos.

Estas competencias serán, no seu caso aceptadas polo órgano a quen se encomenda, e se publicará no Boletín oficial da Provincia de acordo co artigo 51 do ROF e se insertará no Taboleiro de anuncios do concello.”

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Delegar na Alcaldía-Presidencia o exercicio das atribucións que se indican no artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros.

1.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos.

Estas competencias serán, no seu caso aceptadas polo órgano a quen se encomenda, e se publicará no Boletín oficial da Provincia de acordo co artigo 51 do ROF e se insertará no Taboleiro de anuncios do concello.”

TERCEIRO.- Dar conta da adopción do presente acordo na primeira sesión da Xunta de Goberno Local que se celebre con carácter ordinario.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume á data sinalada na marxe.”

Non habiéndose intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **por MAIORÍA de 5 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D. Daniel Ríos Fernández, Dª. Manuela García Fachal e Dª Alejandra Bellón Tenreiro; e **2 abstencións** do concelleiro do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e da concelleira do BNG: Dna. Rocío Souto Torre.”

A Presidencia abre a quenda para o debate, xustificando e explicando que a motivación do expediente ven dada por unha cuestión de axilidade cara a tramitación de subvencións suxeitas a prazos de presentación.

Toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez. O portavoz do Grupo Municipal do PP quen indica que, sabendo que se axusta ao contemplado na lei, non están dacordo con todo o conxunto, como cos horarios dos plenos. Anuncia o voto en contra do seu grupo.

De seguido toma a palabra D. Luis Pena Mosquera, portavoz do Grupo Municipal do BNG, quen di que non lles parece mal axilizar a tramitación dos expedientes e pregunta pola forma na que se dará conta das resolucións que se adopten por esta delegación, ao que se lle indica que se dará conta ao Pleno dentro da relación de resolucións da Alcaldía.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dª Raquel Caruncho Corral, Dª Yolanda Vázquez Busto, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, Dª. Manuela García Fachal e Dª Alejandra Bellón Tenreiro; **2 votos en contra** dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e **1 abstención** do concelleiro do Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera, o **ACORDO** seguinte:



PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por acordo do Pleno celebrado en sesión extraordinaria de 27.06.2019 recollida no punto quinto do dito acordo, que de seguido se transcribe:

“QUINTO.- Considerando que de conformidade co disposto no artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no Alcalde ou na Xunta de Goberno Local, salvo as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo referenciado. Así mesmo atendendo as atribucións encomendadas ó Pleno establecidas no artigo 23 do RD Lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

Considerando o establecido no artigo 64.5) da Lei de Administración Local de Galicia do 22 de xullo de 1997.

Visto que a teor do regulado no artigo 51.2) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o acordo plenario polo que se produza a delegación, producirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no "Boletín Oficial" da Provincia.

Esta Alcaldía, co fin de axilizar a tramitación e dar unha maior operatividade á actuación municipal, propón ao Pleno desta Corporación que adopte acordo no sentido de delegar na Xunta de Goberno Local do concello o exercicio das atribucións que se indican no artigo 22 sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros.

1.- A aprobación dos proxectos de obras e servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos.

Estas competencias serán, no seu caso aceptadas polo órgano a quen se encomenda, e se publicará no Boletín oficial da Provincia de acordo co artigo 51 do ROF e se insertará no Taboleiro de anuncios do concello.”

SEGUNDO.- Delegar na Alcaldía-Presidencia o exercicio das atribucións que se indican no artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros.

1.- A aprobación dos proxectos de obras e servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos.

Estas competencias serán, no seu caso aceptadas polo órgano a quen se encomenda, e se publicará no Boletín oficial da Provincia de acordo co artigo 51 do ROF e se insertará no Taboleiro de anuncios do concello.”

TERCEIRO.- Dar conta da adopción do presente acordo na primeira sesión da Xunta de Goberno Local que se celebre con carácter ordinario.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3.- MUTUO ACORDO PARA A EXTINCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, O CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE CABANAS PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASES II E III, COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe a continuación:

"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 25 DE NOVEMBRO DE 2019

EXPDTE: 2019/G012/000017

SESIÓN Nº: 8/2019-2023

3.- MUTUO ACORDO PARA A EXTINCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, O CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE CABANAS PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASES II E III, COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

"PROPOSTA DE ACORDO

MUTUO ACORDO PARA A EXTINCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, O CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE CABANAS PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASES II E III, COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

(Expediente TEdC: 2019/X999/000313-2019/G006/000125)

O Pleno do Concello de Ponte deume celebrado en sesión extraordinaria e urxente o 27 de agosto de 2018 adoptaba o acordo relativo á aprobación do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, O CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE CABANAS PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASES II E III, COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020", documento que foi asinado pola partes o 19.09.2018.

Tendo en conta o modificado do proxecto, que deixa sen afección ao Concello de Ponte deume, conforme ao escrito remitido a esta entidade local dende Augas de Galicia (documento con rexistro de entrada nº 20199000000864 de 02.08.2019, cuxo texto se transcribe, en estrato:



ASUNTO: Aclaración respecto á afección o Concello de Pontedeume da actuación OH.315.1073 Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase II. Tanque de retención e impulsión. Cabanas. (A Coruña) Augas de Galicia está a tramitar a aprobación do proxecto “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase II. Tanque de retención e impulsión. Cabanas. (A Coruña)”.

Está actuación, e antes das modificacións impostas polo ADIF, comprendía unha serie de actuacións localizadas no concello de Pontedeume. Por este motivo, con data 7 de Novembro de 2014, 13 de setembro de 2017 e 17 de Abril de 2018, solicitouse e reitrouse informe respecto a viabilidade urbanística do Concello de Pontedeume. Ademais, tramitouse polo concello de Pontedeume un expediente de concesión perante Costas debido a unha pequena afección da tubaría de impulsión do tanque de tormentas ubicado no Concello de Cabanas.

Tralo informe do ADIF e posteriores reunións con este ente, finalmente NON se actúa sobre a tubaría de impulsión existente na ponte do ferrocarril, aproveitando dita tubaría coma tubaría de impulsión do tanque proxectado.

Por este motivo, e tal e como se reflicte nos planos que se xuntan, no proxecto definitivo, NON existe afección algunha na Fase II ó Concello de Pontedeume polo que procede deixar sen efecto a solicitude de compatibilidade urbanística e o expediente de concesión iniciado perante a Demarcación de Costas que afecta exclusivamente a Fase II.

Respecto a actuación global de “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume”, únicamente a **fase I** afecta ó Concello de Pontedeume e xa foi informada e adjudicada pendente únicamente da resolución do expediente de concesión de ocupación de Dominio Público Marítimo Terrestre.”

Esta Alcaldía-Presidencia somete a ditame da Comisión Informativa a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o documento “**MUTUO ACORDO PARA A EXTINCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, O CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE CABANAS PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASES II E III, COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020**”, cuxo texto se transcribe a continuación:

“REUNIDOS

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da citada entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde do concello de Pontedeume, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local. E doutra parte, Carlos Ladra Brage, alcalde do concello de Cabanas, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

1.- O 19.09.2018 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e os concellos de Pontedeume e de Cabanas para a execución das actuacións de “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fases II e III”, cofinanciada pola Unión europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

2.- A cláusula décima do convenio, relativa á súa vixencia, dispón o seguinte
O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante 36 meses. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

A cláusula duodécima do citado convenio, relativa á súa extinción, recolle o seguinte:

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- que a Unión Europea non cofinancie as obras a través dos seus Fondos Estruturais ou de Investimento.

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do Convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a outra parte deberá notificar á parte incumplidora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumplidos. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o Convenio se extinga por causas imputables a un ou aos dous Concellos, as instalacións executadas ata ese momento se porán a disposición dos Concellos, considerándose a tódolos efectos entregadas ao Concello titular das mesmas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.

Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sexta deste convenio.

3.- As obras que se prevía executar ao abeiro do convenio consisten na segunda e terceira fase das actuacións de mellora no saneamento en Cabanas e Ponte deume.

Preténdese con estas actuacións mellorar a calidade das augas da Ría de Ares – Betanzos, na zona de Ponte deume e a execución das obras de saneamento obxecto do convenio trátase dunha competencia atribuída ás entidades locais, que está ademais vinculada a un servizo público cuxa prestación resulta tamén unha competencia da administración local.

Durante a tramitación dos proxectos necesarios para a súa execución, no proceso de incorporacións dos distintos informes sectoriais emitidos polos distintos organismos afectados, determinouse que a mellor solución para acadar os obxectivos do convenio non supón a execución de actuacións dentro do ámbito territorial de Ponte deume.

4.- Tendo en conta o prazo de vixencia do convenio, os prazos previstos de licitación e execución das actuacións e mesmo que o Concello de Ponte deume non está obrigado a realizar ningunha actuación ao non verse afectado polos proxectos finalmente aprobados, resulta que o inicialmente consensuado non se axusta nin ao ritmo previsto para a execución das obras nin a todas as partes asinantes do convenio, motivo polo que é necesario extinguilo. En todo caso, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, Augas de Galicia, dentro do seu ámbito competencial, exercerá as funcións que lle son propias e mesmo en colaboración cos concellos, de ser o caso, para mellorar a calidade das augas da ría de Ares - Betanzos.

Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes



ACORDAN

Subscribir un mutuo acordo de extinción do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e os concellos de Pontedeume e de Cabanas para a execución das actuacións de “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fases II e III”, cofinanciada pola Unión europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, nos termos que se indican nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO MUTUO ACORDO

É obxecto deste mutuo acordo establecer as condicións básicas para a extinción do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e os Concellos de Pontedeume e de Cabanas para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fases II e III”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA.- OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA

Augas de Galicia realizou as actuacións ás que estaba obrigada no convenio que temporalmente puideron materializarse, acordando as partes que non cabe ningunha responsabilidade derivada do estipulado no seu día.

TERCEIRA.- OBRIGAS XERAIS DOS CONCELLOS

Os concellos de Pontedeume e Cabanas realizaron as actuacións ás que estaba obrigados no convenio que temporalmente puideron materializarse, acordando as partes que non cabe ningunha responsabilidade derivada do estipulado no seu día

CUARTA.- OBRIGAS EN RELACIÓN A PROXECTOS MODIFICADOS E COMPLEMENTARIOS

Non houbo proxectos modificados nin complementarios, non resultando ningunha obriga complementaria para as partes por este motivo.

QUINTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

Augas de Galicia asumiu os seus compromisos económicos devindicados ata o momento, non resultando ningunha obriga complementaria para as partes por este motivo.

SEXTA.- TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS

Non se executou ata o momento ningunha das obras previstas no convenio, polo que non cabe facer mención a ningunha especialidade en relación coa súa titularidade ou entrega.

SÉTIMA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do convenio non implicou relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre profesionais e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, por este motivo.

OITAVA.- NATUREZA DO MUTUO ACORDO

Este mutuo acordo ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste mutuo acordo ou relativo a este, á súa interpretación ou ao seu incumprimento ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

NOVENA.- DATA DE EFECTOS

O mutuo acordo terá efectos desde a data da súa sinatura.

A sinatura deste mutuo acordo supón o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais e o resto de especificacións que consten nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, as partes asinan este documento por triplicado exemplar, en proba de conformidade coas súas cláusulas, no lugar e data do encabezado

A presidenta de Augas de Galicia Ethel María Vázquez Mourelle	O alcalde de Pontedeume Bernardo Fernández Piñeiro	O alcalde de Cabanas Carlos Ladra Brage
--	---	--

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

“

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente do Concello de Ponte deume para a sinatura do mutuo acordo de extinción do convenio de colaboración e a realización de demais actuacións precisas para a execución daquel, en nome e representación do concello de Ponte deume.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao organismo Augas de Galicia, aos efectos oportunos.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Ponte deume á data sinalada na marxe.”

Non habiéndose intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **por MAIORÍA de 5 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e **2 abstencións** do concelleiro do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e da concelleira do BNG: D^{na}. Rocío Souto Torre.”

A Presidencia abre a quenda para o debate. O Sr Presidente explica que a actuación do saneamento está dividida en dúas fases, deixando a segunda, tras dunha modificación do proxecto, de afectar a Ponte deume e de aí a proposta de mutuo acordo de extinción.

O Sr. Andrés Pérez Pérez, portavoz do Grupo Municipal do PP di que votarán a favor en tanto que se trata dun tema de cabanas e do que se trata é de que se faga a obra no menor tempo posible.

D. Luis Pena Mosquera, portavoz do BNG di que descoñecen o detalle da actuación, que é un tema de Cabanas e que o seu voto será a abstención porque non coñecen o proxecto.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e **1 abstención** do concelleiro do Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o documento “**MUTUO ACORDO PARA A EXTINCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, O CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE CABANAS PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASES II E III, COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020**”,cuxo texto se transcribe a continuación:

“REUNIDOS

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da citada entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei



9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde do concello de Pontedeume, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local. E doutra parte, Carlos Ladra Brage, alcalde do concello de Cabanas, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

1.- O 19.09.2018 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e os concellos de Pontedeume e de Cabanas para a execución das actuacións de "Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fases II e III", cofinanciada pola Unión europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

2.- A cláusula décima do convenio, relativa á súa vixencia, dispón o seguinte

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante 36 meses. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

A cláusula duodécima do citado convenio, relativa á súa extinción, recolle o seguinte:

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia
- que a Unión Europea non cofinancie as obras a través dos seus Fondos Estruturais ou de Investimento.

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do Convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a outra parte deberá notificar á parte incumplidora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumplidos. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o Convenio se extinga por causas imputables a un ou aos dous Concellos, as instalacións executadas ata ese momento se porán a disposición dos Concellos, considerándose a tódolos efectos entregadas ao Concello titular das mesmas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.

Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sexta deste convenio.

3.- As obras que se prevía executar ao abeiro do convenio consisten na segunda e terceira fase das actuacións de mellora no saneamento en Cabanas e Pontedeume.

Preténdese con estas actuacións mellorar a calidade das augas da Ría de Ares – Betanzos, na zona de Pontedeume e a execución das obras de saneamento obxecto do convenio trátase dunha competencia atribuída ás entidades locais, que está ademais vinculada a un servizo público cuxa prestación resulta tamén unha competencia da administración local.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Durante a tramitación dos proxectos necesarios para a súa execución, no proceso de incorporación dos distintos informes sectoriais emitidos polos distintos organismos afectados, determinouse que a mellor solución para acadar os obxectivos do convenio non supón a execución de actuacións dentro do ámbito territorial de Ponte deume.

4.- Tendo en conta o prazo de vixencia do convenio, os prazos previstos de licitación e execución das actuacións e mesmo que o Concello de Ponte deume non está obrigado a realizar ningunha actuación ao non verse afectado polos proxectos finalmente aprobados, resulta que o inicialmente consensado non se axusta nin ao ritmo previsto para a execución das obras nin a todas as partes asinantes do convenio, motivo polo que é necesario extingui-lo.

En todo caso, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, Augas de Galicia, dentro do seu ámbito competencial, exercerá as funcións que lle son propias e mesmo en colaboración cos concellos, de ser o caso, para mellorar a calidade das augas da ría de Ares - Betanzos.

Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes

ACORDAN

Subscribir un mutuo acordo de extinción do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e os concellos de Ponte deume e de Cabanas para a execución das actuacións de "Melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fases II e III", cofinanciada pola Unión europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, nos termos que se indican nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO MUTUO ACORDO

É obxecto deste mutuo acordo establecer as condicións básicas para a extinción do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e os Concellos de Ponte deume e de Cabanas para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na "Melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fases II e III", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA.- OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA

Augas de Galicia realizou as actuacións ás que estaba obrigada no convenio que temporalmente puideron materializarse, acordando as partes que non cabe ningunha responsabilidade derivada do estipulado no seu día.

TERCEIRA.- OBRIGAS XERAIS DOS CONCELLOS

Os concellos de Ponte deume e Cabanas realizaron as actuacións ás que estaba obrigados no convenio que temporalmente puideron materializarse, acordando as partes que non cabe ningunha responsabilidade derivada do estipulado no seu día

CUARTA.- OBRIGAS EN RELACIÓN A PROXECTOS MODIFICADOS E COMPLEMENTARIOS

Non houbo proxectos modificados nin complementarios, non resultando ningunha obriga complementaria para as partes por este motivo.

QUINTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

Augas de Galicia asumiu os seus compromisos económicos devindicados ata o momento, non resultando ningunha obriga complementaria para as partes por este motivo.

SEXTA.- TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS

Non se executou ata o momento ningunha das obras previstas no convenio, polo que non cabe facer mención a ningunha especialidade en relación coa súa titularidade ou entrega.

SÉTIMA.- RELACIÓN LABORAL



A subscrición do convenio non implicou relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre profesionais e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, por este motivo.

OITAVA.- NATUREZA DO MUTUO ACORDO

Este mutuo acordo ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste mutuo acordo ou relativo a este, á súa interpretación ou ao seu incumprimento ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

NOVENA.- DATA DE EFECTOS

O mutuo acordo terá efectos desde a data da súa sinatura.

A sinatura deste mutuo acordo supón o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais e o resto de especificacións que consten nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, as partes asinan este documento por triplicado exemplar, en proba de conformidade coas súas cláusulas, no lugar e data do encabezado

A presidenta de Augas de Galicia Ethel María Vázquez Mourelle	O alcalde de Pontedeume Bernardo Fernández Piñeiro	O alcalde de Cabanas Carlos Ladra Brage
--	---	--

“

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente do Concello de Pontedeume para a sinatura do mutuo acordo de extinción do convenio de colaboración e a realización de demais actuacións precisas para a execución daquel, en nome e representación do concello de Pontedeume.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao organismo Augas de Galicia, aos efectos oportunos.

4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.

Dende a Presidencia proponse unha **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**, consensuada entre as portavocías dos distintos grupos que integran a corporación municipal.

D. Bernardo Fernández Piñeiro da lectura ao texto da DECLARACIÓN INSTITUCIONAL, que de seguido se transcribe:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME DO 25 DE NOVIEMBRE DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

Nacións Unidas conmemora cada 25 de novembro o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, unha xornada para visibilizar que a violencia contra as mulleres "segue sendo un obstáculo para alcanzar igualdade, desenvolvemento, paz, do mesmo xeito que o respecto dos dereitos humanos de mulleres e nenos/as". E insiste en que os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), non poderán cumprirse sen primeiro poñer fin á violencia contra mulleres e pícaras, que é unha das violacións dos dereitos humanos máis estendidas, persistentes e devastadoras do mundo actual.

Segundo datos de Nacións Unidas: unha de cada tres mulleres sufriu violencia física ou sexual principalmente por parte da súa parella; unha de cada 2 de mulleres vítimas mortais en 2017 foi asasinada polo seu compañeiro sentimental ou un membro da súa familia; o 71% das vítimas de trataa en todo o mundo son mulleres e pícaras e 3 de cada 4 delas son utilizadas para a explotación sexual; case 750 millóns de mulleres e nenas casáronse antes de cumprir 18 anos e polo menos 200 millóns delas víronse sometidas á mutilación xenital feminina.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Ademais, a violencia contra a muller é unha causa de morte e incapacidade entre as mulleres tan grave como o cancro.

O Concello de Ponte deume amosa hoxe o seu firme compromiso na loita contra a violencia de xénero como a máis brutal mostra de desigualdade entre mulleres e homes. Este ano no noso país, superamos a dramática cifra de máis de mil mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex parellas desde que existen rexistros oficiais en 2003. Unha violencia que tamén se cobrou a vida de 34 nenos e nenas desde 2013, como consecuencia da violencia exercida sobre as súas nais, e deixou 275 menores orfos.

Por iso, neste día o Concello de Ponte deume quere mostrar o seu apoio a todas as vítimas: ás mulleres asasinadas, aos seus fillos e fillas orfos; ás súas nais, pais, irmáns, irmás, amigos. Compartimos a súa dor, a súa desolación e combatemos a súa causa.

Por outra banda instar ao Goberno do Estado , e o Goberno da Xunta en medidas de protección integral contra a violencia, para incluír que son tamén formas de violencia contra as mulleres, conforme ao Convenio de Istambul, a violencia física, psicolóxica e sexual, incluía a violación; dando así cumprimento á medida 104 do pacto de Estado en materia de violencia de xénero, é instar ao goberno galego a elaborar un plan Estratéxico de Galicia contra a trata con fins de explotación sexual.

O Concello de Ponte deume comprométese a impulsar a creación dunha mesa de traballo para promover unha acción educativa enfocada á prevención da violencia de xénero, na que teñan presenza todos os axentes sociais eumeses, Consello escolar municipal Anpas, centros educativos, asociacións , profesionais da saúde, garda civil , así como a Modificar as ordenanzas municipais, para acabar coa tolerancia e permisividade cara á publicidade de servizos sexuais que facilitan actuacións delituosas, dando así cumprimento á medida 77 do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

No noso país actualmente vivimos momentos de zozobra. A sombra da ultradereita se cerne sobre as nosas democracias. Avanza en Europa e España xa non é unha excepción. Agora, pretendendo romper o consenso alcanzado, negan a propia existencia da violencia de xénero, queren sinalar ás persoas que traballan con vítimas, faltan o respecto ás mulleres asasinadas e as súas familias. A ultradereita quere retrotraernos a tempos en branco e negro, e queren facelo a costa das mulleres.

Por iso, hoxe máis que nunca, o Concello de Ponte deume declara con firmeza que non permitiremos "nin un paso atrás" na loita contra a violencia de xénero, na súa prevención, no seu tratamento e na reparación das vítimas. Manifestámolo hoxe, 28 de novembro, lembrando o día internacional da eliminación da violencia contra a muller, nunha chamada mundial que desde Nacións Unidas atravesas fronteiras e á que nos unimos coa responsabilidade e o convencemento de que se debe, e pódese, acabar coa violencia machista"

Concluída a lectura, o Sr. Alcalde Presidente agradece o documento de consenso entre todas e todos, en tanto que os sitúan ao lado de quen hai que estar, das vítimas da violencia.

De seguido toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular (PP) quen di que coinciden na maior parte dos puntos e manifesta o compromiso do seu grupo contra a violencia de xénero e a desigualdade.



D. Luis Pena Mosquera, portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego di que dende o seu grupo tamén agradecen o consenso xa que é importante estar unidos ante este tipo de problemas. Pide que, ademais do firme compromiso se leven a cabo pequenas cousas que queren aportar dende o BNG, a través de accións educativas, a convocatoria do consello escolar municipal, un punto de información...; un pouco máis que declaración: un compromiso no orzamento e accións concretas.

Pecha o debate D. José Simoes Couceiro, portavoz do Grupo Municipal do PSOE, quen da as grazas dende o PSOE polo consenso e agarda, di, sexa así con outros asuntos.

5.- DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 222.2019 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (TERCEIRO TRIMESTRE 2019)

A Sra. Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN

DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 222.2019 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (TERCEIRO TRIMESTRE 2019)

(Expediente TEdC: 2019/X999/000402-2019/G006/000182)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

“(...) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes. (...)”

5.

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- *Dar conta do informe de Intervención de referencia 222.2019, de asunto: “Informe en aplicación de lo establecido en la Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, correspondiente al terceiro trimestre de 2019, y Período Medio de Pago (PMP).*

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume á data sinalada na marxe. “

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

6.- DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE FACENDA. (EXECUCIÓN DO 3º TRIMESTRE DE 2019).

A Sra. Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

“DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE FACENDA. (EXECUCIÓN DO 3º TRIMESTRE DE 2019).

A Sra. Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 3º TRIMESTRE DE 2019)

(Expediente TEdC: 2019/X999/000407-2019/G006/000183)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 216/2019, de asunto: “Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda”, correspondente ao 3º Trimestre de 2019 “

Os/las membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA

A Sra. Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA. SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28/11/2019

(Expediente TEdC: 2019/G006/000184)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **654.2019** de 28 de outubro ao **738.2019** de 22 de novembro, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2019/G003/000740	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE ALTAS E BAIXAS NOS TALLERES MUNICIPAIS DO CENTRO MUNICIPAL	00654/2019	28-10-2019 11:04



	DE MAIORES 2019/2020		
2019/G003/000157	SOLICITA CAMBIO DE TITULAR EN RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO	00655/2019	28-10-2019 11:04
2019/G003/000117	TAXA DO LIXO: Cambio de titularidade por compravenda (08/02/2019)	00656/2019	28-10-2019 11:04
2019/G003/000071	TAXA DO LIXO: Cambio de titularidade copropietaria (exercicio 2019 incluído)	00657/2019	28-10-2019 11:00
2019/G003/000727	PROPOSTA DE ALTAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00658/2019	28-10-2019 11:00
2019/G003/000726	PROPOSTA DE AMPLIACIÓN NA INTENSIDADE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00659/2019	28-10-2019 10:59
2019/G003/000736	TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00660/2019	28-10-2019 10:59
2019/G003/000748	AUTORIZACIÓN E XESTIÓN DE CERTIFICADO DE REPRESENTANTE PARA O ACCESO A NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS ...//....	00661/2019	28-10-2019 13:35
2019/G003/000749	DESCRIPCIÓN DO DECRETO : EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS PARA CONCELLOS, MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS E/OU AGRUPACIÓNS DE CONCELLOS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA.	00662/2019	28-10-2019 14:11
2019/G003/000752	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 31.10.2019	00663/2019	28-10-2019 14:45
2019/G003/000743	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CAMIÑO DO MOJO (Expte: 2019/C002/000018)	00664/2019	28-10-2019 19:45
2019/G003/000735	XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA A DE DOTACIÓN DE NOVEDADES EDITORIAIS EN GALEGO (PROGRAMA A). ANO 2.019.	00665/2019	30-10-2019 09:25
2019/G003/000758	CAMBIO DE IMPUTACIÓN CONTABLE.-	00666/2019	30-10-2019 10:22
2019/G003/000730	XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA PERSOAL DE OFICINAS DE TURISMO PARA O ANO 2.019.	00667/2019	30-10-2019 12:42
2019/G003/000754	APROBACIÓN NÓMINA MES DE OUTUBRO DE 2019.	00668/2019	30-10-2019 12:24
2019/G003/000744	PAGOS SEGUROS SOCIAIS MES DE SETEMBRO 2019.	00669/2019	30-10-2019 12:40
2019/G003/000712	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE UN AXENTE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA O ANO 2019-2.020.	00670/2019	30-10-2019 12:41
2019/G003/000741	INCIDENCIAS NÓMINA MES OUTUBRO 2019.	00671/2019	30-10-2019 12:44
2019/G003/000739	APROBACIÓN LIQUIDACIÓN TAXA DOGA -PUBLICACIÓN MODIFICACIÓN OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARCIAL ANUALIDADE 2019-.	00672/2019	30-10-2019 12:42
2019/G003/000753	RENUNCIA E ADXUDICACIÓN DE NOVA PRAZA LISTA DE ESPERA PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "CHALÉ ROSA "	00673/2019	30-10-2019 12:44
2019/G003/000756	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2019/22	00674/2019	30-10-2019 12:59
2019/G003/000690	AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL	00675/2019	31-10-2019 10:16
2019/G003/000755	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE PERSOAS PARTICIPANTES NOS TALLERES CULTURAIIS DE MAIORES CURSO 2019/2020 INSCRITOS FORA DE PRAZO	00676/2019	31-10-2019 10:54
2019/G003/000719	DECRETO DE INICIO PROCEDIMENTO	00677/2019	31-10-2019

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	SANCIONADOR DE TRAFICO 2019_14º (AI 99500000018914)		10:54
2019/G003/000710	TAXA RECOLLIDA DE LIXO: CAMBIO TITULARIDADE, SOLICITUDE A NOME DE ...//....	00678/2019	04-11-2019 20:39
2019/G003/000733	SOLICITUDE XERAL A NOMBRE ...//..... SOLICITA: DESISTIR DOS TERMOS DA DITA SOLICITUDE E SOLICITAR O SEGUINTE: UN ANTICIPO POLO MÁXIMO RECOLLIDO NO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓN DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELL	00679/2019	04-11-2019 20:44
2019/G003/000713	TAXA RECOLLIDA DE LIXO: CAMBIO TITULARIDADE SOLICITADA A NOME DE ...//.....	00680/2019	04-11-2019 20:44
2019/G003/000722	NOMEAMENTO ACCIDENTAL DE OFICIAL-XEFE DA POLICÍA LOCAL AO AXENTE ...//....POR XUBILACIÓN DO TITULAR DO POSTO.	00681/2019	06-11-2019 12:47
2019/G003/000771	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE NOVAS ALTAS E BAIXAS NO SERVIZO DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL "MADRUGADORES"	00682/2019	06-11-2019 12:47
2019/G003/000699	BAIXA TAXA RECOLLIDA LIXO A NOME DE ...//....	00683/2019	06-11-2019 12:47
2019/G003/000764	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO PARA CONSULTORÍA EXTERNA DO PLAN DE REORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS DO CONCELLO DE PONTEDEUME	00684/2019	06-11-2019 12:56
2019/G003/000638	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/23.-	00685/2019	07-11-2019 10:13
2019/G003/000762	EXPEDIENTE DE RENUNCIA E ADXUDICACIÓN DE NOVA PRAZA LISTA DE ESPERA PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "CHALÉ ROSA".	00686/2019	07-11-2019 10:13
2019/G003/000677	BAIXA NA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO POR DUPLICIDADE A NOME DE ...//....	00687/2019	07-11-2019 10:13
2019/G003/000159	TAXA DO LIXO:MODIFICACIÓN TARIFA, DONA ...//....	00688/2019	07-11-2019 10:18
2019/G003/000716	TAXA RECOLLIDA DE LIXO: CAMBIO TITULARIDADE SOLICITADO POR ...//.....	00689/2019	07-11-2019 10:20
2019/G003/000709	TAXA RECOLLIDA LIXO: CAMBIO TITULARIDADE, SOLICITUDE PRESENTADA A NOME DE ...//.....	00690/2019	07-11-2019 10:20
2019/G003/000717	TAXA RECOLLIDA LIXO: CAMBIO TITULARIDADE RECIBO SOLICITADA POR ...//....	00691/2019	07-11-2019 10:14
2019/G003/000714	TAXA RECOLLIDA DE LIXO: CAMBIO TITULARIDADE SOLICITADA A NOME DE ...//.....	00692/2019	07-11-2019 10:19
2019/G003/000066	BAIXA RECIBO LIXO POR VENDA DE VIVENDA EN ...//	00693/2019	07-11-2019 10:17
2019/G003/000623	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 6 FINAL OBRA REPARACIÓN DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO	00694/2019	07-11-2019 10:15
2019/G003/000776	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE ALTAS E BAIXAS NOS TALLERES MUNICIPAIS DO CENTRO MUNICIPAL DE MAIORES CURSO 2019/2020	00695/2019	07-11-2019 15:25
2019/G003/000772	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA REPOSICIÓN DE VIAIS EN URBANIZACIÓN OLMO (Creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 50.000 habitantes, para o ano 2019 (código de procedemento MT300A) – Xunta de Galicia). EXPTE	00696/2019	07-11-2019 15:25



	2019/C003/000004		
2019/G003/000778	DE APROBACIÓN DE ALTAS E BAIAS DO ALUMNADO NOS TALLERES CULTURAIS XERAIS CURSO 2019/2020	00697/2019	07-11-2019 15:25
2019/G003/000763	SOLICITUDE DE DUPLICADO POR EXTRAVIO DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00698/2019	07-11-2019 15:25
2019/G003/000750	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE PERSOAS PARTICIPANTES NOS TALLERES MUNICIPAIS XERAIS 2019/2020 INSCRITAS FORA DO PRAZO	00699/2019	07-11-2019 15:25
2019/G003/000779	INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL DE NOGUEIROSA (POS+ 2018). EXPTE Nº 2018/C003/000008	00700/2019	08-11-2019 10:51
2019/G003/000783	CONVOCATORIA MESA LOCAL DE COMERCIO MARTES 12.11.2019	00701/2019	08-11-2019 14:20
2019/G003/000774	Resolución das solicitudes presentadas ao abeiro da Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas ás familias para a adquisición de materia escolar. Curso escolar 201-2020, Educación Infantil, Primaria e ESO do Concello de Pontedeume.	00702/2019	11-11-2019 13:49
2019/G003/000767	DESISTIMENTO SOLICITUDE DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NON SUXEITAS A LICENZA	00703/2019	11-11-2019 13:49
2019/G003/000780	CAMBIO IMPUTACIÓN CONTABLE	00704/2019	11-11-2019 13:49
2019/G003/000788	Nomeamento de María Fajardo de Andrade, no posto de administrativa funcionaria interina da área de Tesourería.	00705/2019	11-11-2019 14:55
2019/G003/000789	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 670/2019 DE SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN DUN AXENTE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA O ANO 2019. EXPTE 2019/G003/000712	00706/2019	12-11-2019 10:51
2019/G003/000676	RESOLUCIÓN DE CONTRATO DE SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA GRADERÍO EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL (EXPTE: 2016/C002/000015)	00707/2019	13-11-2019 09:23
2019/G003/000790	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA SUBSTITUCIÓN DE TUBAXES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA AVDA DE FERROL (POS+ 2018). EXPTE 2019/C003/000001	00708/2019	13-11-2019 09:23
2019/G003/000797	INCOACCIÓN DE PROCEDEMENTO PARA A PARALIZACIÓN DA EXECUCIÓN DA OBRA PISTA DE PÁDEL E BALONCESTO 3X3. EXPTE. 2018/C003/000009	00709/2019	13-11-2019 09:23
2019/G003/000792	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE ALUMNADO QUE SOLICITA A BAIXA NO PROGRAMA DE TALLERES CULTURAIS 2019/2020	00710/2019	13-11-2019 09:23
2019/G003/000796	MODIFICACIÓN DA SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA O IMPULSO DUNHA REDE DE MERCADOS EXCELENTES EN GALICIA. ANO 2.019.	00711/2019	13-11-2019 12:33
2019/G003/000757	APORTACION ECONOMICA DO CONCELLO NO SERVIZO DE XANTAR NA CASA DOS MESES ABRIL, MAIO E XUÑO 2019	00712/2019	13-11-2019 14:59
2019/G003/000803	CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA CAMIÑO DO MOJO (Plan de mellora de camiños de titularidade municipal 2019-2020) Expte. 2019/C002/000022	00713/2019	13-11-2019 14:59
2019/G003/000800	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE	00714/2019	13-11-2019

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	CONTRATAÇÃO DA OBRA GRADERÍO EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL (POS 2016). EXPTE 2016/C003/000003		14:59
2019/G003/000742	NOMEAMENTO DE LIMPADOR/A SUBSTITUTO/A POR BAIXA	00715/2019	13-11-2019 14:59
2019/G003/000799	DECRETO INSCRIPCIÓN DEFINITIVA EDM INVERNO 2019/20	00716/2019	13-11-2019 14:58
2019/G003/000801	CONTRATAÇÃO DOS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DE VARIAS OBRAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME Expte. 2019/C002/000021	00717/2019	13-11-2019 15:51
2019/G003/000791	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL. Periodo: De Xoves 14.11.2019 ao Mércores 20.11.2019	00718/2019	14-11-2019 13:21
2019/G003/000802	RELACIÓN FACTURAS F/2019/24	00719/2019	14-11-2019 13:22
2019/G003/000768	XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES NA BIBLIOTECA MUNICIPAL. PROGRAMA LER CONTA MOITO 2019	00720/2019	14-11-2019 14:59
2019/G003/000773	XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES NA BIBLIOTECA MUNICIPAL. PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA QUE PROMOVAN A IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO LER CONTA MOITO 2019	00721/2019	14-11-2019 14:59
2019/G003/000777	XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN DE FOMENTO DO EMPREGO. SOCORRISTAS 2.019.	00722/2019	14-11-2019 14:59
2019/G003/000798	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE PARTICIPANTES NO PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN "MADRUGADORES" CURSO 2019/2020	00723/2019	14-11-2019 14:59
2019/G003/000810	CONVENIO IES FRAGAS DO EUME 2019	00724/2019	15-11-2019 11:28
2019/G003/000809	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA REPARACIÓN DE VIAIS NA URBANIZACIÓN OLMO EXPTE 2019/C003/000004	00725/2019	15-11-2019 12:04
2019/G003/000811	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, APROBACIÓN DE PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, INFORMACIÓN PÚBLICA E LICITACIÓN DA CONCESIÓN DE USO PRIVATIVO DOS POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL PONTEDEUME. (Expediente TEdC: 2019/C006/000001)	00726/2019	18-11-2019 11:57
2019/G003/000804	DECRETO DE INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO 2019_15º (AI 99500000019050)	00727/2019	19-11-2019 11:26
2019/G003/000805	DECRETO DE INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO 2019_16º (AI 99500000019136)	00728/2019	19-11-2019 11:27
2019/G003/000711	TAXA RECOLLIDA LIXO: CAMBIO TITULARIDADE, SOLICITUDE A NOME ...//....	00729/2019	19-11-2019 11:27
2019/G003/000793	ACHEGA MUNICIPAL COTA SOCIOS 2019. ASOCIACION EUROEUME	00730/2019	19-11-2019 11:27
2019/G003/000816	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA CAMIÑO DO MOJO EXPTE 2019/C002/000018	00731/2019	19-11-2019 13:16



2019/G003/000781	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 25.11.2019	00732/2019	20-11-2019 14:19
2019/G003/000751	Decreto pago 90% da subvención do convenio ca entidade Festas das Peras 2019.	00733/2019	20-11-2019 15:52
2019/G003/000715	APROBACIÓN IRPF OUTUBRO DE 2019	00734/2019	20-11-2019 15:52
2019/G003/000821	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE 25.11.2019	00735/2019	20-11-2019 15:52
2019/G003/000815	DECRETO DE INICIO PROCEDIMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO 2019_17º (AI 99500000018990)	00736/2019	20-11-2019 15:52
2019/G003/000769	TRABAJOS CORRESPONDIENTES AL CONTRATO "CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PADEL E BALONCESTO"-CONCELLO DE PONTEDEUME (CERTIFICACIÓ	00737/2019	21-11-2019 13:16
2019/G003/000784	RELACION DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE OUTUBRO 2019	00738/2019	21-11-2019 13:16

Documento asinado dixitalmente asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde- Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume, a luns 25 de novembro de 2019.”
Os/las membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

O portavoz do PP formula os seguintes **ROGOS**:

1.- Rogamos fagan as xestións pertinentes para que desbrocen ou corten as árbores que hai na carretera de Centroña a altura da curva da igrexa de Centroña e máis do matadadoiro, xa baten nos camións e máis nos autobuses

2.- Poñan unha placa á altura da Autoescola San José có nome da Rúa Avenida de Ferrol

3.- Rogamos reparen as farolas fundidas fronte ao Claudio na parroquia de Andrade e máis as farolas fundidas na N-651 a altura da ponte

4.- Rogamos organicen o Patio De Servizos Sociais aquilo segue a ser un desbaraxuste

E as seguintes **PREGUNTAS**:

1.- Que sabemos dos cursos que sairon na prensa de Leche Celta?

Leche Celta y Effuture formarán a operadores de industrias lácteas con apoio del Concello eumés

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que xa está asinado o convenio de colaboración e que se vai organizar un acto público para a súa presentación que se retrasou porque dende a Consellaría, que ten que autorizar a realización da actividade formativa, solicitaron poder asistir e estase á espera dunha confirmación de data. Indica que, sobre o acceso ao curso por parte das persoas di que, ante a igualdade de criterios establecidos, entraría as persoas que foran de Pontedeume.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2.- Cal é a situación da mellora da barandilla e beiraruas da ponte de pedra?

O Sr. Fenández Piñeiro di que se está a redactar o proxecto por parte do Ministerio e que a previsión de remate é no mes de abril. Da conta do contido da actuación, que cubriría a demanda de mellora da beirarrúa e de seguridade na barandilla.

3.- Teñen pensado impartir cursos AFD ?

Dna. Yolanda Vázquez Busto, concelleira de Formación di que o centro FOREMDES non conta con homologación; que se solicitou prórroga cando cumpría e que esta foi denegada. Da conta doutros cursos de formación confirmados: Socorrismo e Gravación e tratamento de datos, a través do fondo de garantía xuvenil. Indica que, para a homologación, estase a redactar un proxecto de mellora do centro que afectaría a fiestras, accesibilidade, cuberta...

4.- Cal é a parcela de 5000 metros, que ofrece o Concello en Ricardo Sánchez para o parking?

O Sr. Alcalde di que son as antigas pistas do Colexio Luis Vives, que conta con 2000 m en urbano consolidado e 3000 en rústico.

5.-Vemos que limparon as beirarruas de Boebre, pensan seguir facéndoo no resto das vías provinciais? .Xa teñen claro a quen corresponde a súa limpeza e mantemento

D. Daniel Ríos Fernández, concelleiro de Obras di que se realizaron actuacións tamén en Nogueirosa. Indica que o mantemento e limpeza das beirarrúas corresponde ao Concello, non así a limpeza da estrada.

6.-Vai camiño de cinco anos que iban a poñer unha marquesina na parroquia de Boebre que por certo xa está pagada, para cando?

D. Bernardo Fernández Piñeiro da conta do problema xurdido coa empresa que entrou en concurso de acredores, o que xa está solucionado e que quedaron de colocala a finais de ano. Di que o emprazamento sería fronte a catro caminos.

O Sr. Pérez Pérez fai alusión á tramitación de permisos para o bus escolar.

7.- Cantos postos legais quedan no mercado municipal?

O Sr. Pérez Pérez di que houbo un erro na pregunta, xa que se refería ao Feirón, quedando a pregunta sen contestar por este motivo.

8.- Teñen pensado iluminar ou poñer balizas nos pasos de peóns ?

O Sr. Ríos Fernández di que a xunta denegou o permiso para a realización desta actuación en Ricardo Sánchez, para o que se buscará outra solución. No que respecta ao resto de estradas, di que se realizarán actuacións de xeito progresivo.

9.- Para cando a páxina web?



Dna. Yolanda Vázquez Busto di que contan con que se atope operativa a principio de ano. Indica que se está a traballar na recopilación de contidos e xustifica o retraso no volume de traballo.

10.- Cál é a situación actual da finca fronte a FOREMDES, xa lle teñen pensado algún tipo de uso?

Dna. Alenandra Bellón Tenreiro, concelleira de Educación, di que a finca é de Costas e que tería que adicarse a actividades relacionadas co mar. Indica que existen propostas para que a dita parcela sexa destinada a mellora de acceso ao centro educativo e aparcadoiro.

11.- Xa teñen listos os pregos da xestión, do servizo de abastecemento e saneamento de auga e máis da piscina?

O Sr. Presidente di que se atopan en proceso de redacción, se ben indica que non deberían tardar moito.

12.- Sabemos algo sobre as xestións feitas relativas ao edificio do Casino?

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que se está á espera da taxación do inmovible por parte do Ministerio, que tivo problemas para co acceso ao local. Di que se agarda que estea proximamente.

De seguido, o portavoz do Grupo Municipal do BNG, D. Luis Pena Mosquera, formula as seguintes **PREGUNTAS**:

1. A páxina web. A páxina web dixeran que estaría rematada para o inicio do curso escolar, setembro do 2018, por que non cumpriron co seus propios prazos ?

Dáse por contestada.

2. Abastecemento Nogueirosa. Hai un prazo para comezar a execución da obra de renovación das tubaxes na rede xeral de abastecemento de auga potable en Nogueirosa convenio 28/2018

D. Daniel Ríos Fernández di que en canto chegue o permiso da Xunta comenzarán as obras.

3. Escola de Nogueirosa. Cal é o prazo para rematar a reforma da Escola de Nogueirosa (POS 2019) ?

O Sr. Ríos Fernández di que o proxecto modificado está a ser informado por parte dos técnicos municipais para que logo, se aprobe tanto polo Concello como polo Pleno da Deputación.

4. Pista de Pádel. Cal era a data prevista inicialmente para o comezo da construción da pista de padel? . Cal era o prazo de execución no proxecto de construción da pista de padel ?

D. Daniel Ríos di que xa está iniciada, en tanto que se ten realizado o desmonte. Indica que se está a modificar o proxecto da pista de pádel para adaptalo á normativa da dita disciplina deportiva. Di que o proxecto modificado está informado polo persoal técnico municipal e que ten que ir a supervisión de proxectos da Deputación. Informa de que o prazo de execución é de dous meses

5. Baixas de empregados. Como se están a xestionar as baixas de longa duración dos empregados ? Quen realiza as tarefas que desempeñaban as persoas de baixa?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. José Simoes Couceiro, concelleiro de réxime interno di que hai 4 baixas de longa duración das que 3 están cubertas por persoal das listas e que a cuarta, do policía local, non se pode cubrir. Indica que o resto, son baixas momentáneas.

6. Mercado. En que data estiman que se realizará a apertura ? Cal é o plan de Concello no caso de queden desertas un número importante de postos do mercado ?

Dña. Ángela Piñeiro di que cando remate o proceso administrativo de concesión. Da conta de que está aberto prazo para presentación de ofertas, que remata o 10 de xaneiro

O Sr. Alcalde-Presidente di que é imposible saber unha data e que que o obxectivo é que abra o antes posible.

Sobre a segunda pregunta, a Sra. Piñeiro Carrera di que se atenderá ao establecido no artigo 10 do prego. Di que nas xornadas de portas abertas amosouse moito interese.

7. Orzamento 2020. Cando se presentarán os orzamentos do próximo ano 2020 ?

D. Daniel Ríos Fernández di que se presentará o documento de Orzamento ao longo do mes de decembro. Indica que se recollen propostas presentadas ao longo do ano e que teñan encaixe económico.

8. Terreos dotación deportiva. Xa no PXOM prevese a necesidade dun área municipal deportiva e reserva uns terreos de 17.400 m² en Esteiro (DXP-1) para a súa instalación. Que xestións se fixeron para obter a titularidade deses terreos ?

O Sr. Presidente di que se contactou con persoas propietarias con interese en vender e indica que se encargou unha taxación, tendo en conta que o Concello non pode asumir certos custos. Sobre o auditorio, di que non está programada a súa construción nesa zona, se non máis cerca do centro urbano. Indica que para os terreos de Esteiro habería que executar un plan parcial para poder urbanizar.

O Sr. Pena Mosquera di que hai que dar os pasos de forma inmediata.

O Sr. Fernández Piñeiro defende a xestión do goberno local e pide que se faga un repaso das cousas que sí se fan.

D. Luis Pena fai referencia á coxuntura dun proceso expropiatorio.

O Sr. Presidente di que se fan as cousas que se poden, atendendo á carga de traballo e aos medios dos que se dispoñen.

O Sr. Pena Mosquera di que o Sr. Alcalde ten a obriga de se preocupar polo futuro de Ponte deume e fai referencia aos cargos do goberno con dedicación e que perciben un soldo público.

9. Contratos Caducados. Os contratos de: alumeado público, saneamento/abastecemento, recollida de enseres, servizo de conserxaría nos centros educativos e no pabellón, piscina municipal..... Están esgotados ? e dende que data ?



O Sr. Presidente di que o contrato da auga dende xaneiro 2018 e que o da piscina dende decembro de 2017; o da conserxaría ven do mandato 2007-2011; indica que xa está rematado o prego do alumeadado público e que en breve se contará co documento para a conserxarías dos centros educativos e pavillóns...

10. Criterios subvencións asociacións culturais/deportivas.

¿Cales son os criterios obxectivos para cuantificar as axudas que cada asociación cultura/deportiva/veciñal recibe?

Dna. Ángela Piñeiro Carrera, concelleira de Cultura di que as asociacións veciñais levan todas o mesmo importe, como representación da parroquia. No que respecta ás culturais di que, tal e como se viña facendo, as subvencións establécense en función do número de socios, actividades realizadas...se ben a previsión é que cara o ano que ven se convoquen por concorrencia.

D. Joshua Dopico López da conta dos criterios para o reparto de subvencións ás entidades deportivas: actividades, categorías, nº de fichas, se teñen ou non instalación propia...entre outros.

D. Luis Pena Mosquera pide ter os criterios por escrito.

O Sr. Fernández Piñeiro di que os criterios veñen da etapa anterior e que a lei contempla a concesión das subvencións nominativas que xustifica, en función do interese público, fronte ao cualificativo de "a dedo". Pide que non se terxiverse

O Sr. Pena Mosquera di considera que os criterios deben estar establecidos por escrito e ter unha puntuación determinada, facendo referencia aos procesos por concorrencia competitiva.

D. Bernardo Fernández Piñeiro defende o expediente de outorgamento das subvencións nominativas e remítese ás súas características legais. Di que os criterios da concorrencia competitiva serán os que se establezan e que xa se coñecerán. Remítese á concesión de subvencións por esta vía dende a Deputación, que contan cun criterio subxectivo de quen está gobernando e xustificadas no seu carácter excepcional, recollido na lei. O Sr. Alcalde di que en ningún momento dixo que non está dacordo co criterio subxectivo se non que o que dixo, e así pide que conste en acta, que o criterio de "interese público" non está taxado na lei e que depende da capacidade de quen está a gobernar. Que a excepcionalidade é un criterio subxectivo e que as subvencións nominativas están reguladas legalmente.

D. Bernardo Fernández Piñeiro pecha o debate e a quenda de preguntas informando aos/ás membros presentes que, a partir de agora, as preguntas responderanse por escrito, tal e como se establece no Regulamento de Organización Municipal.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e seis minutos do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.